





Ed. Primaria 5º e 6º nivel

	<p><i>La increíble historia de los amigos de medianoche</i> David Walliams Ed. Montena Despois dun golpe cunha pelota, Tom esperta na cama dun hospital. Alí vivirá as aventuras máis tolas.</p>
--	--

	<p><i>Ti non xogas!</i> Xurxo Silvestre Gómez Ed. Xerais Suso está moi amolado sen xogar ao fútbol porque Róber chimpulle: "Ti non xogas!", e non houbo ninguén que lle dixese a Róber que iso non se podía facer.</p>
--	--

	<p><i>23 ideas para ser un eco-héroe</i> Isabel Thomas Ed. SM Interesantes proxectos para facer da nosa casa un lugar máis ecolóxico</p>
---	--

	<p><i>Leonardo e os fontaneiros</i> Mª Victoria Moreno Ed. Xerais, col. Merlín A historia de Antón e o seu can Leonardo, contada pola escritora que será homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018</p>
--	---



GUÍA DE LECTURAS VERÁN 2017



CEP MARCOS DA PORTELA




Milleiros de letras
aniñan nun libro,
rompendo o silencio,
buscando aloumiños.

Milleiros de letras
que contan historias,
que arrincan sorrisos,
que voan e voan...



Bo verán e feliz lectura!

Ed. Primaria 1º e 2º nivel




¡No quiero el cabello rizado!

Laura Ellen Anderson

Ed. Picarona

Un conto moi divertido para aprender a valorarnos tal e como somos.




Mi primer libro sobre Gloria Fuertes

Antonio Gómez Yebra

Ed. Anaya

Libro e CD con poemas famosos desta escritora para os máis pequenos.




O valente coello que quixo soñar

Miguel Ángel Alonso Diz

Ed. Nova Galicia

Un coelliño persigue o seu soño facendo fronte ás dificultades do camiño.




O cocineiro Martiño

Iago López

Ed. Xerais

A historia dun cocineiro que quere preparar o mellor biscoito para que o contraten nas cocinas do rei.

Ed. Primaria 3º e 4º nivel




O misterio da casa do Pombal

Fina Casalderrey

Ed. CESMA, col. Barco de Vapor

Xa ninguén se lembra de cando a misteriosa casa estaba habitada, pero agora vai ser o fogar dunha avoa e os seus dous netos.




Desde unha estrela distante

Agustín Fernández Paz

Ed. Xerais

Unha tarde no faiado Daniela descobre un rato que en realidade é un extraterrestre.




Inventario ilustrado de animais con cola

Virginie Aladjide

Ed. Factoría K de Libros

Un libro que nos informa da importancia e a variedade dos animais que teñen cola en todo o mundo.



As señoras cousas

Helena Villar Janeiro

Ed. Galaxia

Poemas sobre as cousas que nos rodean: libros, xoguete, a chuvia... poemas para que todo cobre vida e xogue co lector.